

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
PRIORIDADE DA UNIÓN/OBXECTIVO/MEDIDA: 2.5.1. Programa operativo do FEMP, período 2014-2020, artigo 50 Rgo. 508/2014
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75% FEMP – 25 % ESTADO MEMBRO

Resolución do 10 de outubro de 2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convoca un curso de manexo de semente de moluscos bivalvos a realizar nas instalacións do IGafa na Illa de de Arousa

Antecedentes

No ano 2021 a Consellería do Mar encomenda ao CETMAR a formulación dun programa formativo piloto innovador, integrado por diversas accións para a formación permanente e adquisición de novas competencias na acuicultura, e baseado na aprendizaxe permanente a través da práctica. O programa estivo dirixido á acuicultura de moluscos bivalvos. Como resultado diseñouse un programa formativo “manexo de semente de moluscos bivalvos” e que foi asimesmo integrado no catálogo de especialidades formativas do SEPE (Servicio Público de Emprego Estatal) como formación experimental co código MAPU0001 <https://sede.sepe.gob.es/es/portaltrabaja/resources/pdf/especialidades/MAPU0001.pdf> e que queremos impartir ao sector da acuicultura.

Esta acción formativa ten carácter innovador e se financia ao 100% polo artigo 95.2 do Regulamento nº 508/2024 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de mayo de 2014, relativo al Fondo Europeo Marítimo y de Pesca y por el que se derogan los Reglamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198 y (CE) nº 791/2007 del Consejo, y el Reglamento (UE) nº 1255/2011 del Parlamento Europeo y del Consejo,

Visto o anteriormente exposto, e ao abeiro das súas competencias, esta dirección xeral RESOLVE,

Convocar un curso de manexo de semente de moluscos bivalvos nas instalacións do IGafa e coas seguintes condicións:

Primeira. O curso realizarase no IGafa do 23/10/2023 ao 03/11/2023, e terá unha duración de 40 horas e un máximo de 12 alumnos/as.

Segunda. A documentación que deberá presentarse para asistir os cursos é a seguinte:

- Solicitud Anexo I
- Fotocopia do NIF/NIE
- Fotocopia da vida laboral ou certificado de empresa ou calquera outro documento que acredite a súa condición de profesional de acuicultura.
- Para os/as conxuxes ou parellas de feito dos/as traballadores/as autónomos/as, ademais de acreditar a condición de autónomo/a da súa parella ou conxuxe,

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvimento@xunta.gal



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
PRIORIDADE DA UNIÓN/OBXECTIVO/MEDIDA: 2.5.1. Programa operativo do FEMP, período 2014-2020, artigo 50 Rgo. 508/2014
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75% FEMP – 25 % ESTADO MEMBRO

deberán presentar o libro de familia ou documento que acredite a relación de parella dunha persoa profesional acuícola.

Terceira. O prazo de matrícula empezará o día seguinte a publicación desta resolución no portal web da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal/es/formacion /informacion-do-alumnado/cursos-de-acuicultura> e rematará o día anterior a iniciarse o curso, sempre que haxa prazas.

A relación de admitidos/as os cursos será a establecida en función da data de rexistro da matrícula.

Cuarta. No suposto de que o número de persoas admitidas para realizar o curso sexa moi inferior ao número de prazas convocadas, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións dos cursos, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente. Tamén poderá modificar as datas do curso, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Quinta. A asistencia ás clases é obrigatoria e non poderán superar o 10% de faltas.

Sexta. O curso poderá ser inspeccionado e supervisado por persoal funcionario da Consellería do Mar.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
PRIORIDADE DA UNIÓN/OBXECTIVO/MEDIDA: 2.5.1. Programa operativo do FEMP, período 2014-2020, artigo 50 Rgo. 508/2014
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75% FEMP – 25 % ESTADO MEMBRO

ANEXO I

MATRÍCULA DO CURSO MANEXO DE SEMENTE DE MOLUSCOS BIVALVOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS

NOME

NIF ou NIE

--	--	--

ENDEREZO

CONCELLO E PROVINCIA

--	--

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO

--	--	--

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de manexo de semente de moluscos bivalvos que terá lugar no IGAFA o que acredita achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF/NIE
- Fotocopia da vida laboral ou certificado de empresa ou calquera outro documento que acredite a súa condición de profesional da acuicultura
- Libro de familia ou documento que acredite a relación de parella dunha persoa profesional da acuicultura (se é o caso)

SOLICITA:

A matrícula no citado curso financiábel nun 75% polo fondo europeo FEMP no Programa Operativo FEMP 2014-2020

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro

Lugar e data:

Sinatura:

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal

